

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 16 de xuño de 2009 pola que se publica o tipo de xuro para o segundo semestre de 2009 para as operacións acollidas a diferentes convenios e programas de axuda deste instituto.

Segundo se establece nos convenios de colaboración asinados entre o Instituto Galego de Promoción Económica e diversas entidades financeiras para operacións acollidas a eles, o tipo de xuro variará por semestres naturais e publicárase no *Diario Oficial de Galicia*, condición que tamén se establece en distintos programas de axuda do instituto.

Polo que antecede, e unha vez verificados os datos relativos á evolución do mibor e euribor, en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica, e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o Regulamento do Igape,

RESOLVO:

Primeiro.-Os tipos de xuro de referencia para o segundo semestre de 2009 para as operacións acollidas aos seguintes convenios e programas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) serán os seguintes:

-Préstamos dos convenios de apoio financeiro ás pemes 1997 e 1998: 1,49%.

-Préstamos dos convenios de apoio financeiro ás pemes 1999, 2000, 2001, 2002, 2003, 2004, 2005 e 2006: 1,480%.

-Préstamos do convenio de apoio financeiro ao sector pesqueiro de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 133, do 10 de xullo de 2001): 1,480%.

-Programa de apoio financeiro aos establecementos turísticos, hostalaría e comercio retalista nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal (*Diario Oficial de Galicia* nº 194, do 5 de outubro de 2007): 1,480%.

-Programa de préstamos para financiar producións audiovisuais na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 87, do 7 de maio de 2002): 1,480%.

-Programa de préstamos para financiar proxectos emprendedores na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 63, do 31 de marzo de 2003): 1,480%.

-Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o Igape e as entidades financeiras (*Diario Oficial de Galicia* nº 222, do 15 de novembro de 2004): 1,480%.

-Programa de préstamos para financiar proxectos en materia de innovación tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 84, do 3 de maio de 2005): 1,480%.

-Convenio polo que se establece unha liña de avais do Igape para financiar a adquisición de dereitos de pesca por parte de armadores e agrupacións de produtores para o acceso da frota galega a caladoiros, suscrito entre o Igape e as entidades financeiras (*Diario Oficial de Galicia* nº 195, do 9 de outubro de 2006): 1,480%.

-Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para emprendedores (*Diario Oficial de Galicia* nº 195, do 9 de outubro de 2006): 1,480%.

-Convenio entre o Igape, as sociedades de garantía recíproca e as entidades financeiras adheridas para a habilitación dunha liña de financiamento específica para proxectos de innovación na Comunidade Autónoma de Galicia (*Diario Oficial de Galicia* nº 195, do 9 de outubro de 2006): 1,480%.

-Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, liñas Peme Xove e Peme Competitiva, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (*Diario Oficial de Galicia* nº 101, do 28 de maio de 2007): 1,480%.

-Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para producións audiovisuais e investimentos en bens de equipo que serán realizadas por pemes do sector audiovisual galego, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (*Diario Oficial de Galicia* nº 216, do 8 de novembro de 2007): 1,480%.

-Programa de préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI) (*Diario Oficial de Galicia* nº 244, do 19 de decembro de 2007): 1,480%.

-Bases reguladoras das axudas para a habilitación de liñas de financiamento subsidiado para microempresas, proxectos emprendedores e investimentos das pemes para a mellora competitiva na Comunidade Autónoma de Galicia, liñas Peme Xove e Peme Competitiva, instrumentadas mediante convenio de colaboración suscrito entre o Instituto Galego de Promoción Económica, as entidades financeiras e as sociedades de garantía recíproca adheridas (*Diario*

Oficial de Galicia nº 47, do 4 de marzo de 2008): 1,480%.

Segundo.-As entidades financeiras deberán comunicarlles aos beneficiarios dos préstamos subvencionables a variación do tipo de xuro.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2009.

Joaquín Varela de Limia de Cominges
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 10 de xuño de 2009 pola que se resolve convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, por Orde do 7 de maio de 2009 (DOG nº 94, do 15 de maio), de conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión se postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto legislativo, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Declarar deserto o posto de traballo de subdirector/a xeral de Relacións coa Administración de Xustiza, nivel 30 (C.P.: PR.C06.00.003.15770.001), convocado pola Orde do 7 de maio de 2009 (DOG nº 94, do 15 de maio), de conformidade co previsto no punto sexto da dita orde.

Segundo.- Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, ante o xulgado do contencioso-administrativo competente, conforme os

artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2009.

Alfonso Rueda Valenzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

Orde do 11 de xuño de 2009 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

De conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no artigo 16º do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar nesta convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (edificios administrativos de San Caetano, 15771 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe no anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unir á petición un *curriculum vitae* e xustificar mediante certificación ou copia compulsada os méritos que aleguen.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións públicas, tramitarase o seu traslado a esta comunidade autónoma conforme o artigo 67 do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, e nas demais disposicións concordantes

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no *Diario Oficial de Galicia* e poderá decla-